

SESIÓN LA MACHINA


VV.AA

1720

ESTREA EN NUMAX: 16.04.2026 | V.O.S.E. | 60 min

Sesión conformada por unha selección de curtametraxes do catálogo da distribuidora independente galega La Machina: «Ecotone» de Enar de Dios, «O Costume do traballo» de Luís Morla, «Pupa» de Antía Carreira e «Los horrores de la guerra» de Manolo Orellana.

O pase contará con presentación e coloquio co distribuidor e fundador Brais Romero.



Hai que chamar a La Machina

Por Brais Romero

La Machina (*pronunciado l'a matfina*) era unha das grúas que existían no estaleiro de Ferrol a mediados do século pasado. Naquela altura, a miña avoa, viúva e con catro fillos, loitaba por seguir adiante despois de perder o seu marido con corenta anos. Décadas despois, cando eu nacín, e ela xa rompera a cadeira en varias zonas sempre dicía cando lle custaba erguerse: “Hai que chamar a La Machina”. Aí, deses mesturas de memoria industrial e patrimonial, pero tamén familiar, nace este proxecto.

A idea tras La Machina é axudar a levantar proxectos que para nós son relevantes a nivel cinematográfico, pero tamén político e social. Cunha liña de programación que equilibra o risco artístico e narrativo, o catálogo mestura diferentes xéneros e formatos, permitindo ter filmes que navegan o xénero do ensaio político ou comedias que exploran as nosas condicións máis humanas. Todo baixo unha premisa que ás veces semella absurda dita en voz alta: cinema que nos gusta.

Por iso, por non querer renunciar á liberdade de poder escoller ás nosas compañeiras, este é un proxecto que nace coa vontade de ser pequeno e non xigante. Porque, lonxe das dinámicas capitalistas e industrializadoras, este é un proxecto que defende ante todo a parte humana dun traballo que, por veces, semella máis unha folla de cálculo de Excel que unha conversa de teléfono. Nun contexto tecnolóxico onde a distribución dun filme é algo que se pode facer sen necesidade de contratar axentes externos, nós queremos reivindicarnos non como un servizo que se contrata, senón como unha forza que se suma ao proxecto. Unha voz que quere axudara a construír, a erguer, a debater e, sobre todo, a intentar que as películas se poidan ver en cantos máis sitios, mellor.

Presentamos esta selección de catro películas porque falan de catro cousas que nos interesan especialmente. A primeira, a relación entre o poder e a ecoloxía. Nun contexto onde o poder se exerce desde o económico, cómpre reflexionar sobre o modelo social e político no que vivimos e asumir que estamos máis preto dun punto de non retorno ecolóxico que de reverter décadas de espolio sistemático. A segunda, a memoria, concretamente, a memoria obreira. Con especial interese para nós, posto que retrata a memoria da loita obreira en Ferrol, e concretamente a Amador e Daniel, queremos recuperar o espírito activista e combativo dos movementos obreiros da década dos 70. A terceira, a identidade, nun sentido amplo pero facendo fincapé no xénero. Para nós, a identidade é un terreo no que aínda hai moito que loitar e gañar, e nós queremos situarnos do lado dxs que loitan. O cuarto e último, e non por iso menos importante, a comedia. Un xénero que está en declive nos últimos anos, pero que é de vital importancia para conseguir romper o pesimismo algorítmico ao que nos encamiña a pequena pantalla negra que levamos nos nosos petos.

Unha selección heteroxénea que resume, en catro paires, a nosa forma de concibir o cinema: un cinema político, colectivo, optimista, combativo. Un cinema de calidade. Un cinema feito por cineastas. Un cinema relevante.